

Consumidores e consumidoras

En EROSKI somos conscientes de que cada persoa, ao elixir un modelo de consumo sostible e responsable, pode contribuír á protección ambiental. Diriximos o noso esforzo cara á formación e a concienciación dos consumidores e consumidoras, mediante o desenvolvemento de campañas de sensibilización e a publicación de contidos pedagóxicos nas nosas plataformas web e outros soportes informativos. En liña con este obxectivo, tamén fomentamos e desenvolvemos iniciativas colaboradoras coa clientela, traballadores e institucións.

"A Hora do Planeta"

En EROSKI sumámonos por oitavo ano consecutivo á campaña "A Hora do Planeta", promovida por WWF co apoio de Nacións Unidas, uníndonos ao apagamento simbólico da maior iniciativa global en defensa do medio ambiente e que este ano tivo por lema "Conéctate e apaga a luz".

Programa ambiental "Camiño a Camiño"

VEGALSA-EROSKI participou un ano máis en "Camiño a Camiño", programa de roteiros ambientais do Concello de Vigo que busca achegar á cidadanía a flora e a fauna desta comarca, e fomentar hábitos de vida saudables e sostibles.

Semana Europea de Prevención de Residuos 2019 en CAPRABO

Desde CAPRABO sumámonos á iniciativa da Semana Europea de Prevención de Residuos 2019 a través de distintas accións de concienciación e sensibilización para promover a reutilización e a reciclaxe de roupa e zapatos, co obxectivo de minimizar os residuos que se xeran nos vertedoiros.

Guía de consumo responsable de CONSUMER EROSKI

En 2019, como parte do proxecto de innovación EUSKOPEF, traballamos na elaboración dunha guía de consumo sostible para os consumidores e consumidoras, que xa está dispoñible na web comprasostenible.consumer.es. Ademais, contamos cunha canle especializada no medio ambiente en www.consumer.es para formar ás persoas en hábitos de consumo sostibles. Para iso, facilitamos contidos sobre natureza, ambiente urbano, parques naturais, enerxía e ciencia, entre outros.

"Unha árbore, unha historia"

En VEGALSA-EROSKI continuamos a promover o valor da sustentabilidade ambiental entre os escolares galegos a través do noso proxecto "Unha árbore, unha historia", que, ademais de contar cun concurso literario de relato curto, incluíu en 2019 a replantación de 70 especies arbóreas de carballos e castiñeiros nas proximidades de Sigüeiro.



Escola de Alimentación EROSKI

Disposomos dun módulo específico sobre sustentabilidade no Programa Educativo sobre Alimentación e Hábitos Saudables da Escola de Alimentación EROSKI, no que WWF tamén participa achegando contidos. Grazas a este módulo educativo, formamos en sustentabilidade, produción sostible de alimentos e dieta sostible a 442.677 escolares no curso 2018-2019. Ademais, a nosa web www.escueladealimentacion.es inclúe contidos formativos sobre como evitar o malgasto alimentario.

Programa Reactívatelo +

Participamos na iniciativa "Reactívatelo +" da Deputación Foral de Bizkaia, baseada no programa internacional Global Action Plan (GAP), que busca fomentar a participación cidadá en favor da sustentabilidade ambiental mediante o desenvolvemento de hábitos de consumo adecuados. Os nosos clientes e traballadores poden inscribirse na web www.reactivatemas.eus usando o código EROSKI: 64007.